

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Expediente investigación titularidade parcela na rúa Carracide. Referencia catastral 5177718NH4557N0001KB

ANUNCIO

EXP. 2024/X999/000084.

ASUNTO: Expedientes investigación titularidade parcela na rúa Carracide.

Con data de 15/04/2024 procedeuse a ditar Resolución de Alcaldía nº 542/2024 co seguinte contido:

“LOGO DE VER que mediante providencia de Alcaldía do 1/02/2024 procedeuse a incoar o expediente nº 2024/X999/000084 ante os indicios de que a parcela situada na Rúa Carracide con referencia catastral 5177718NH4557N0001KB puidera ser de titularidade municipal.

LOGO DE VER o informe emitido polo Arquitecto Municipal con data de 3/04/2024 onde se informa entre outras cousas que:

“Segundo os datos catastrais que se atopan no expediente, a titularidade da parcela de referencia catastral 5177718NH4557N0001KB corresponde ao Concello de Oroso e consta data de modificación en catastro o 25.11.2011 e data da alteración o 29.06.2001 (expediente 1347150.15/11). Tendo en conta o tempo transcorrido dende a finalización das obras de edificación e da urbanización dos viais que se atopan destinados ao uso público, así como a modificación da titularidade catastral segundo a información catastral, a cesión do terreos a favor do concello de Oroso, tanto da zona verde prevista nas Normas Subsidiarias (parcela de referencia catastral 5177718NH4557N0001KB) como dos viais executados en torno aos edificios, pode considerarse implícita e polo tanto a titularidade da parcela de referencia catastral 5177718NH4557N0001KB debe entenderse que corresponde ao Concello de Oroso.

Polo exposto anteriormente, a parcela en investigación responde á seguinte descrición: “Parcela de cesión obrigatoria para espazos libres e zonas verdes procedente da parcela 1612 do do plano de concentración de Oroso-Gánsara-Deixebre-Trasmonte, dunha extensión superficial de 6.805,00 m2, que linda: Norte, rúa Castelao; Sur, río Tambre; Este, parcela 1613; e Oeste, parcela 1611 do plano de concentración de Oroso-Gánsara- Deixebre-Trasmonte. Se corresponde coa parcela de referencia catastral 5177718NH4557N0001KB”.

Polo tanto, confirmándose no informe técnico os indicios existentes de que a citada parcela de referencia catastral 5177718NH4557N0001KB pertencería ao Concello de Oroso, e tendo en conta os artigos 44, 45, 46, 49 e 50 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, pola presente

RESOLVO:

PRIMEIRO. Que se incoe o expediente de investigación da titularidade do seguinte ben, que presuntamente pertence á corporación local, incorporando ao expediente todos os antecedentes e datos que consten relativos ao mesmo:

Parcela de cesión obrigatoria para espazos libres e zonas verdes procedente da parcela 1612 do do plano de concentración de Oroso-Gánsara-Deixebre-Trasmonte, dunha extensión superficial de 6.805,00 m2, que linda: Norte, rúa Castelao; Sur, río Tambre; Este, parcela 1613; e Oeste, parcela 1611 do plano de concentración de Oroso-Gánsara- Deixebre-Trasmonte. Se corresponde coa parcela de referencia catastral 5177718NH4557N0001KB

SEGUNDO. Expoñer esta Resolución ao público por un prazo de quince (15) días mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, abrindo un trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao decimo quinto día da publicación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito todo o que consideren conveniente para o seu dereito.

TERCEIRO. Que se lles notifique aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

CUARTO. Que se traslade o acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para que, de ser o caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Oroso, 15 de abril de 2024

O Alcalde,

Alexander Doval Expósito.

2024/2580